

## A C T A

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

**27 de xuño de 2025**

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e sete de xuño de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D<sup>a</sup>. María Sandra Bastos Míguez (PP), D<sup>a</sup>. Belén Cachafeiro Anta (PP), D<sup>a</sup>. María Nava Castro Domínguez (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D<sup>a</sup>. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D<sup>a</sup>. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D<sup>a</sup>. María Ortega Iñarrea (BNG), D<sup>a</sup>. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D<sup>a</sup>. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D<sup>a</sup>. Luisa María Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste o deputado D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:



**1.8430.- ACTA ANTERIOR**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/2IIBEnB2nOzTpzvfenzqeFKSe7b819x1IG8J7cY5px2KZd3k>

Acórdase, por unanimidade, aprobar o borrador da acta da anterior sesión ordinaria de 30 de maio.

**a) Parte resolutiva:****2.8431.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL  
CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2024 (EXPTES.  
2025026747 – 2025005734)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/C53o2z38AkIBTq3YpIQivnBeOQAF7YDAeG6cVdauTrLuGkCw>

Unha vez formada pola Intervención a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2024, reúnen as Deputadas e Deputados integrantes da Comisión Especial de Contas da Deputación Provincial de Pontevedra co obxecto de someter a informe da Comisión a Conta Xeral (nos termos establecidos no artigo 212.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais), que inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

Resultando que a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2024, a consolidada, a da Escola Universitaria de Enfermería e a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, é rendida polo Presidente da Deputación, e no caso do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes é rendida polo Presidente do Consorcio.



Resultando que a Comisión Especial de Contas na sesión celebrada o 23 de maio de 2025 acordou por maioría, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular, e a abstención das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG, emitir informe favorable sobre o expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio de 2024, que inclúe tanto a conta consolidada, a da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, e a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, nos termos e coa documentación que consta nos expedientes CIVIDAS números 2025026747 e 2025005734.

Resultando que, en cumprimento co disposto no artigo 212.3 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2024 foi exposta ó público a través dun anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 99, de data 27 de maio de 2025, por un prazo de quince días hábiles durante os cales as persoas interesadas podían presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimaran pertinentes ó citado expediente. Este prazo de exposición pública iniciouse o día 28 de maio de 2025, e finalizou o día 17 de xuño de 2025 (ambos inclusive).

Resultando que durante o prazo de exposición pública non tivo entrada no Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra ningunha reclamación, reparo ou observación ó expediente da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2024, segundo consta na certificación do Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra de data 20 de xuño de 2025.

Considerando o establecido no artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; nos artigos 208 a 212 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 89 a 105 do Real decreto 500/90, de 20 de abril, e nas regras 44 a 51 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.



O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Especial de Contas, acorda por maioría de votos a favor do PP, e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, a adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2024, que inclúe tanto a consolidada, como a da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, e a do Consorcio para o Servizo contra incendios e salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.
2. Render a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2024 así aprobada e toda a documentación que a integra ó Consello de Contas de Galicia.

3.8432.- **APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO CONCURSO PÚBLICO PARA O ALLEAMENTO OU CONSTITUCIÓN DUN DEREITO DE SUPERFICIE, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DE VARIAS PARCELAS (10) RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DO PLAN DE SECTORIZACIÓN DO SOLO URBANIZABLE E INDUSTRIAL OUTEDA-CURRO (SRAU-I OUTEDA-CURRO) (CONCELLO DE BARRO) (EXPTES. 2025045268 - 2025030363)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/iiR31YNiGcLZBtPXhYazrcxtyE6kky mTUQkM7zpEUodbrJPo>

O Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro, a través de escrito de data 15 de maio de 2025, co Código seguro de verificación (CSV:FJR DV9YJ0R9P5CJG), informa que próximo a rematar o prazo para a adquisición por alleamento directo das parcelas dispoñibles no Polígono SRAU Industrial Outeda-Curro, é necesario iniciar a tramitación dun novo expediente para a venda das dez (10) parcelas dispoñibles na actualidade, coa idea de fomentar o desenvolvemento económico e social da provincia de Pontevedra ao destinar estes terreos á implantación de iniciativas empresariais que favorezan a creación de emprego e a realización de inversións.



Para a adxudicación destas parcelas propónse a convocatoria dun concurso público, mediante procedemento aberto, conforme ao disposto no artigo 137 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas. No Prego de Cláusulas Económico-Administrativas, regúlase a adxudicación dos dereitos de propiedade ou de superficie, segundo corresponda á elección dos licitadores, sobre as parcelas titularidade da Deputación de Pontevedra, podendo ser obxecto ditas parcelas dos seguintes negocios xurídicos: a) a transmisión-adquisición do dereito de propiedade e b) a constitución dun dereito de superficie por un prazo mínimo de 5 anos e máximo de 25 anos.

As parcelas obxecto da posible adxudicación dos dereitos de propiedade ou de superficie suman un total de 31.083,76 m<sup>2</sup>, sendo o prezo repercutido sobre as parcelas de calquera das zonas de actividade o de 99,00€/m<sup>2</sup>, IVE excluído, e de 119,79€/m<sup>2</sup>, IVE engadido, segundo informe de valoración do Enxeñeiro colaborador do Polígono de data 14 de maio de 2025 (CSV: A45TRQ3RXB0GVXIY); taxación esixida no Regulamento de Bens das Entidades Locais (artigo 118), Lei de Administración Local de Galicia (artigo 277.1) e Lei de Patrimonio das Administracións Públicas (artigo 138 en relación co 114).

Vista a nota de conformidade emitida polo Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, en relación ao citado informe do Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro, de acordo co disposto no artigo 3.4 do RD 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Visto o informe favorable á tramitación do presente expediente emitido polo Servizo de Intervención, en data 28 de maio de 2025 (CSV:4J1A9I6NZ6NN4TGZ).

Á vista do exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. Aprobado o expediente do concurso público para o alleamento ou constitución dun dereito de superficie, mediante procedemento aberto, de dez



(10) parcelas resultantes do proxecto de parcelación do Plan de Sectorización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro (SRAU-I Outeda-Curro), no municipio de Barro, polos importes que figuran para cada parcela no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas, a razón de 99,00€/m<sup>2</sup>, IVE excluído, e de 119,79€/m<sup>2</sup>, IVE engadido.

Segundo. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que rexerá este concurso público, por procedemento aberto, que obra no expediente e que se asinou dixitalmente polo Técnico Colaborador do Polígono Industrial Outeda-Curro, co código de verificación (CSV:XJYAWTS7WCPG6FNY).

Terceiro. Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación do presente concurso público, indicando que o prazo de presentación de ofertas rematará as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante e no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO).

4.8433.- **ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DOS CENTROS E SEDES DA DEPUTACIÓN (EXPTES. 2025045270 – 2025002970 - 2024059026)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/IXL2roeugyfXqg7Y2cUQwWFgPMFiFRiKzQYcKDUKPxgBMLMj>

O Pleno, na súa sesión ordinaria do día 31 de xaneiro de 2025, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra”, dividido en cinco lotes:

Lote 1.- Servizos centrais.

Lote 2.- Servizo de Turismo Rías Baixas.

Lote 3.- Museo de Pontevedra.

Lote 4.- ORAL (Servizos centrais e oficinas periféricas).

Lote 5.- Centro Príncipe Felipe.

Sendo o orzamento base de licitación de cada un dos lotes:



|                                  | Lote 1         | Lote 2       | Lote 3       | Lote 4       | Lote 5         | Total          |
|----------------------------------|----------------|--------------|--------------|--------------|----------------|----------------|
| Orzamento de licitación(sen IVE) | 1.771.491,12 € | 275.448,48 € | 493.655,04 € | 389.455,20 € | 1.968.553,68 € | 4.898.603,52 € |
| IVE (21 %)                       | 372.013,14 €   | 57.844,18 €  | 103.667,56 € | 81.785,59 €  | 413.396,27 €   | 1.028.706,74 € |
| Orzamento (IVE engadido)         | 2.143.504,26 € | 333.292,66 € | 597.322,60 € | 471.240,79 € | 2.381.949,95 € | 5.927.310,26 € |

Así mesmo, estímase un 10% do orzamento base de licitación para levar a cabo os posibles servizos extraordinarios que puideran demandar os centros xestores durante a vixencia do contrato (reforzos puntuais das tarefas de limpeza que se demanden por parte dos centros xestores relacionados con actividades extraordinarias como por exemplo: exposicións, recepcións, xornadas, obras, ...).

Os importes correspondentes aos referidos servizos extraordinarios para 24 meses de contrato en cada un dos lotes son os seguintes:

| LOTE   | 10% de servizos extraordinarios (2 anualidades) sen IVE | IVE          | 10% servizos extraordinarios (2 anualidades) IVE engadido |
|--------|---------------------------------------------------------|--------------|-----------------------------------------------------------|
| LOTE 1 | 177.149,11 €                                            | 37.201,31 €  | 214.350,42 €                                              |
| LOTE 2 | 27.544,85 €                                             | 5.784,42 €   | 33.329,27 €                                               |
| LOTE 3 | 49.365,50 €                                             | 10.366,76 €  | 59.732,26 €                                               |
| LOTE 4 | 38.945,52 €                                             | 8.178,56 €   | 47.124,08 €                                               |
| LOTE 5 | 196.855,37 €                                            | 41.339,63 €  | 238.195,00 €                                              |
| TOTAL  | 489.860,35 €                                            | 102.870,68 € | 592.731,03 €                                              |

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 3 de febreiro de 2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 04/02/2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 6 de marzo de 2025 procedeu á apertura electrónica e cualificación do sobre A, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas para cada un dos lotes:



Lote 1.- Servizos centrais

- Aralia Servicios Sociocomunitarios SA.
- CLN Servicios integrales SL.
- Limpiezas Cies SL.
- Limpiezas Faro SL.
- Nortex Outsourcing Global SL.
- Samyl Facility Services SL.
- Senior Servicios Integrales SA.

Lote 2.- Servizo de turismo Rías Baixas

- CLN Servicios integrales SL.
- Eulen SA.
- Limpiezas Cies SL.
- Limpiezas Faro SL.
- Nortex Outsourcing Global SL.
- Samyl Facility Services SL.
- Senior Servicios Integrales SA.

Lote 3.- Museo de Pontevedra

- Eulen SA.
- Limpiezas Cies SL.
- Limpiezas Faro SL.
- Nortex Outsourcing Global SL.
- Samyl Facility Services SL.
- Senior Servicios Integrales SA.

Lote 4.- ORAL

- Limpiezas Cies SL.
- Limpiezas Faro SL.
- Nortex Outsourcing Global SL.
- Samyl Facility Services SL.
- Senior Servicios Integrales SA.

Lote 5.- Centro Príncipe Felipe

- Eulen SA.
- Limpiezas Cies SL.
- Limpiezas Faro SL.
- Mitie Facilities Services SAU.



- Nortex Outsourcing Global SL.
- Samyl Facility Services SL.
- Senior Servicios Integrales SA.

Na reunión do día 6 de marzo de 2025 a Mesa de Contratación tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico dos servizos de Contratación (Lote 1), Turismo Rías Baixas (Lote 2), Museo de Pontevedra (Lote 3), Oral (Lote 4) e Centro Príncipe Felipe (Lote 5) para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Recibidos os informes do persoal técnico dos citados servizos (Lote 1: CSV: 4PF7H1SVHQ9AW0VE; Lote 2: CSV: ZGE1LDF3YO7D0JJ4; Lote 3: CSV: VLZESRV0BVTY6IC6; Lote 4: CSV: KZ33QU038EVRT1WE; Lote 5: CSV: OVNGL2AD5MZ9CIT0), a Mesa de Contratación, na súa sesión do 8 de maio de 2025 prestou conformidade ás puntuacións acadadas en base aos citados informes, e procedeu á apertura electrónica dos sobres “C” correspondentes a documentación avaliable mediante criterios automáticos das empresas que resultan admitidas e que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresas constan na acta da Mesa de contratación de data 08/05/2025 con CSV: 7UK3ORLGII67IZ36 e no certificado da mesa de contratación con CSV: K64UPDQGOBFCTFGS.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observou que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta da empresa Limpiezas Cíes SL para o lote nº1 presentaba un valor anormal ou desproporcionado tendo en conta a oferta no seu conxunto de conformidade co previsto no Anexo III do prego de cláusulas económico-administrativas, polo que se lle require xustificación.



En data 20 de maio de 2025 (Rexistro WEB2025038601) a citada empresa achega a documentación para a xustificación da baixa temeraria, que é informada polo persoal técnico do Servizo de Contratación e Patrimonio en data 27 de maio de 2025 (CSV: 05Y7CLMIM1TYJR6N) informando que a oferta se atopa debidamente xustificada non apreciándose indicios de anormalidade ou desproporción, nin se observa que infrinxa o convenio colectivo de aplicación, se basee en prácticas ou hipóteses inadecuadas, ou existan razóns para deducir que a empresa non poida cumprir coa execución do contrato cos prezos ofertados.

A Mesa de Contratación presta conformidade ao informe do Servizo de Contratación e Patrimonio e procédese de seguido a efectuar a ponderación de ditos valores de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas, sendo as puntuacións obtidas correspondentes aos criterios avaliábelas automaticamente segundo constan no informe emitido polo Xefe do Servizo de Contratación (con CSV: 5MGJL4MW98A71QF0) as seguintes:

| LOTE 1                               | PREZO  | PREZO<br>HORA | FERRAMENTA<br>INFORMÁTICA | BACTERIOSTÁTICOS | ISO<br>14001 | TOTAL<br>SOBRE<br>C |
|--------------------------------------|--------|---------------|---------------------------|------------------|--------------|---------------------|
| CLN Servicios<br>integrales SL       | 14,210 | 4,192         | 15,00                     | 5,00             | 5,00         | 43,40               |
| Limpiezas<br>Cies SL                 | 30,000 | 8,295         | 15,00                     | 5,00             | 5,00         | 63,30               |
| Limpiezas<br>Faro SL                 | 17,747 | 4,654         | 15,00                     | 5,00             | 5,00         | 47,40               |
| Nortex<br>Outsourcing<br>Global SL   | 11,761 | 5,325         | 15,00                     | 5,00             | 5,00         | 42,09               |
| Senior<br>Servicios<br>Integrales SA | 24,090 | 10,000        | 15,00                     | 5,00             | 5,00         | 59,09               |
| LOTE 2                               | PREZO  | PREZO<br>HORA | FERRAMENTA<br>INFORMÁTICA | BACTERIOSTÁTICOS | ISO<br>14001 | TOTAL<br>SOBRE<br>C |
| Eulen SA                             | 22,117 | 5,841         | 15,00                     | 5,00             | 5,00         | 52,96               |
| Limpiezas<br>Cies SL                 | 20,343 | 8,134         | 15,00                     | 5,00             | 5,00         | 53,48               |
| Limpiezas<br>Faro SL                 | 7,954  | 4,081         | 15,00                     | 5,00             | 5,00         | 37,04               |
| Nortex                               | 7,815  | 4,803         | 15,00                     | 5,00             | 5,00         | 37,62               |



|                                |        |            |                        |                  |           |               |
|--------------------------------|--------|------------|------------------------|------------------|-----------|---------------|
| Outsourcing Global SL          |        |            |                        |                  |           |               |
| Senior Servicios Integrales SA | 24,110 | 10,000     | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 59,11         |
| LOTE 3                         | PREZO  | PREZO HORA | FERRAMENTA INFORMÁTICA | BACTERIOSTÁTICOS | ISO 14001 | TOTAL SOBRE C |
| Eulen SA                       | 23,029 | 0,247      | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 48,28         |
| Limpiezas Cies SL              | 28,335 | 8,327      | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 61,66         |
| Limpiezas Faro SL              | 18,716 | 4,085      | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 47,80         |
| Nortex Outsourcing Global SL   | 27,960 | 4,405      | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 57,37         |
| Senior Servicios Integrales SA | 30,000 | 10,000     | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 65,00         |
| LOTE 4                         | PREZO  | PREZO HORA | FERRAMENTA INFORMÁTICA | BACTERIOSTÁTICOS | ISO 14001 | TOTAL SOBRE C |
| Limpiezas Cies SL              | 30,000 | 6,881      | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 61,88         |
| Limpiezas Faro SL              | 9,409  | 2,446      | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 36,86         |
| Nortex Outsourcing Global SL   | 1,196  | 2,957      | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 29,15         |
| Senior Servicios Integrales SA | 21,577 | 10,000     | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 56,58         |
| LOTE 5                         | PREZO  | PREZO HORA | FERRAMENTA INFORMÁTICA | BACTERIOSTÁTICOS | ISO 14001 | TOTAL SOBRE C |
| Eulen SA                       | 25,85  | 5,14       | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 56,00         |
| Limpiezas Cies SL              | 30,00  | 7,86       | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 62,86         |
| Mitie Facilities Services SAU  | 22,75  | 7,87       | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 55,63         |
| Nortex Outsourcing Global SL   | 19,04  | 3,95       | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 48,00         |
| Senior Servicios               | 28,54  | 10,00      | 15,00                  | 5,00             | 5,00      | 63,54         |



|               |  |  |  |  |  |  |
|---------------|--|--|--|--|--|--|
| Integrales SA |  |  |  |  |  |  |
|---------------|--|--|--|--|--|--|

A Mesa de contratación en reunión celebrada o día 29/05/2025 acordou propor ao órgano de contratación:

1.- Excluir do procedemento as ofertas presentadas polas empresas que se sinalan a continuación para cada un dos lotes, polos seguintes motivos:

Lote 1: ás empresas Samyl Facility Services SL e Aralia Servicios Sociocomunitarios SA por incluír no sobre B datos que permiten intuír a proposta presentada nos criterios avaliados automaticamente (Sobre C).

Lote 2: ás empresas Samyl Facility Services SL e CLN Servicios Integrales SL, porque non acadaron o mínimo do 50% da puntuación máxima correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor (sobre B), conforme ó disposto no apartado 9.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Lote 3: á empresa Samyl Facility Services SL, por incluír no sobre B datos que permiten intuír a proposta presentada nos criterios avaliados automaticamente (Sobre C).

Lote 4: á empresa Samyl Facility Services SL, por incluír no sobre B datos que permiten intuír a proposta presentada nos criterios avaliados automaticamente (Sobre C).

Lote 5: á empresa Samyl Facility Services SL, por incluír no sobre B datos que permiten intuír a proposta presentada nos criterios avaliados automaticamente (Sobre C) e á empresa Limpiezas Faro, S.L. por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor (sobre B), conforme ó disposto no apartado 9.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

2.- Aprobar a clasificación das ofertas presentadas, en cada un dos lotes, polas empresas que concorren neste procedemento aberto, que queda da seguinte forma:



| CLASIFICACIÓN | LOTE 1                            | PUNTUACIÓN<br>SOBRE B | PUNTUACIÓN<br>SOBRE C | PUNTUACIÓN<br>TOTAL |
|---------------|-----------------------------------|-----------------------|-----------------------|---------------------|
| 1ª            | Limpiezas Cies SL                 | 35,00                 | 63,30                 | 98,30               |
| 2ª            | Senior Servicios<br>Integrales SA | 27,00                 | 59,09                 | 86,09               |
| 3ª            | Limpiezas Faro SL                 | 22,00                 | 47,40                 | 69,40               |
| 4ª            | Nortex Outsourcing<br>Global SL   | 27,00                 | 42,09                 | 69,09               |
| 5ª            | CLN Servicios<br>integrales SL    | 20,00                 | 43,40                 | 63,40               |
| CLASIFICACIÓN | LOTE 2                            | PUNTUACIÓN<br>SOBRE B | PUNTUACIÓN<br>SOBRE C | PUNTUACIÓN<br>TOTAL |
| 1ª            | Senior Servicios<br>Integrales SA | 35,00                 | 59,11                 | 94,11               |
| 2ª            | Limpiezas Cies SL                 | 35,00                 | 53,48                 | 88,48               |
| 3ª            | Eulen SA                          | 25,00                 | 52,96                 | 77,96               |
| 4ª            | Limpiezas Faro SL                 | 35,00                 | 37,04                 | 72,04               |
| 5ª            | Nortex Outsourcing<br>Global SL   | 25,00                 | 37,62                 | 62,62               |
| CLASIFICACIÓN | LOTE 3                            | PUNTUACIÓN<br>SOBRE B | PUNTUACIÓN<br>SOBRE C | PUNTUACIÓN<br>TOTAL |
| 1ª            | Limpiezas Cies SL                 | 33,50                 | 61,66                 | 95,16               |
| 2ª            | Senior Servicios<br>Integrales SA | 23,50                 | 65,00                 | 88,50               |
| 3ª            | Nortex Outsourcing<br>Global SL   | 19,00                 | 57,37                 | 76,37               |
| 4ª            | Eulen SA                          | 27,00                 | 48,28                 | 75,28               |
| 5ª            | Limpiezas Faro SL                 | 27,00                 | 47,80                 | 74,80               |
| CLASIFICACIÓN | LOTE 4                            | PUNTUACIÓN<br>SOBRE B | PUNTUACIÓN<br>SOBRE C | PUNTUACIÓN<br>TOTAL |
| 1ª            | Limpiezas Cies SL                 | 34,00                 | 61,88                 | 95,88               |
| 2ª            | Senior Servicios<br>Integrales SA | 26,00                 | 56,58                 | 82,58               |
| 3ª            | Limpiezas Faro SL                 | 19,00                 | 36,86                 | 55,86               |
| 4ª            | Nortex Outsourcing<br>Global SL   | 26,00                 | 29,15                 | 55,15               |
| CLASIFICACIÓN | LOTE 5                            | PUNTUACIÓN<br>SOBRE B | PUNTUACIÓN<br>SOBRE C | PUNTUACIÓN<br>TOTAL |
| 1ª            | Limpiezas Cies SL                 | 33,00                 | 62,86                 | 95,86               |
| 2ª            | Senior Servicios                  | 25,00                 | 63,54                 | 88,54               |



|    |                                  |       |       |       |
|----|----------------------------------|-------|-------|-------|
|    | Integrales SA                    |       |       |       |
| 3ª | Eulen SA                         | 28,00 | 56,00 | 84,00 |
| 4ª | Mitie Facilities<br>Services SAU | 26,00 | 55,63 | 81,63 |
| 5ª | Nortex Outsourcing<br>Global SL  | 20,00 | 48,00 | 68,00 |

Propor ó órgano de contratación que unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do contrato do referido procedemento aberto, ás seguintes empresas para cada un dos lotes, polos prezos e valores ofertados:

- Lote 1: Limpiezas Cíes S.L. (NIF B36631935)
- Lote 2: Senior, Servicios Integrales, S.A. (NIF A87045407)
- Lote 3: Limpiezas Cíes S.L. (NIF B36631935)
- Lote 4: Limpiezas Cíes S.L. (NIF B36631935)
- Lote 5: Limpiezas Cíes S.L. (NIF B36631935)

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 30 de maio de 2025, comproba que a empresa Limpiezas Cíes S.L. (NIF B36631935) atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 1168, e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e que a empresa Senior, Servicios Integrales, S.A. (NIF A87045407) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Os certificados de inscrición acreditan, a teor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.

Mediante Resolución Presidencial número 2025004590 de data 03/06/2025, o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require ás empresas LIMPIEZAS CÍES S.L. (NIF B36631935) que presenta a mellor oferta para os lotes 1, 3, 4 e 5 e SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, S.A. (NIF A87045407), que presenta a mellor oferta para o lote 2 do contrato para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no



que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

As empresas LIMPIEZAS CÍES S.L. (NIF B36631935) e SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, S.A. (NIF A87045407), presentaron a documentación requirida a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (REX\_WEB2025044293 e REX\_WEB2025043740 respectivamente) cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polos seguintes importes:

| Lote | Importe     | Empresa                         | Carta de pago (Nº documento) |
|------|-------------|---------------------------------|------------------------------|
| 1    | 63.296,40 € | Limpiezas Cies SL               | 12025000108678               |
| 2    | 11.623,25 € | Senior Servicios integrales SA. | 12025000108529               |
| 3    | 16.250,90 € | Limpiezas Cies SL               | 12025000108676               |
| 4    | 13.420,52 € | Limpiezas Cies SL               | 12025000108668               |
| 5    | 63.641,42 € | Limpiezas Cies SL               | 12025000108664               |

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 do artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que no seu apartado 2, establece que corresponde ó Pleno actuar coma órgano de contratación neste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª.3 onde figura



que lle compete ó Pleno a disposición e autorización dos gastos precisos para o presente expediente de contratación.

O Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

1. A exclusión do procedemento das ofertas presentadas polas empresas que se sinalan a continuación para cada un dos lotes, polos seguintes motivos:
  - Lote 1: ás empresas Samyl Facility Services SL e Aralia Servicios Sociocomunitarios SA por incluír no sobre B datos que permiten intuír a proposta presentada nos criterios avaliábles automaticamente (Sobre C).
  - Lote 2: ás empresas Samyl Facility Services SL e CLN Servicios Integrales SL, porque non acadaron o mínimo do 50% da puntuación máxima correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor (sobre B), conforme ó disposto no apartado 9.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
  - Lote 3: á empresa Samyl Facility Services SL, por incluír no sobre B datos que permiten intuír a proposta presentada nos criterios avaliábles automaticamente (Sobre C).
  - Lote 4: á empresa Samyl Facility Services SL, por incluír no sobre B datos que permiten intuír a proposta presentada nos criterios avaliábles automaticamente (Sobre C).
  - Lote 5: á empresa Samyl Facility Services SL, por incluír no sobre B datos que permiten intuír a proposta presentada nos criterios avaliábles automaticamente (Sobre C) e á empresa Limpiezas Faro, S.L. por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor (sobre B), conforme ó disposto no apartado 9.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
2. Adxudicar o contrato para a prestación do servizo de limpeza dos diferentes centros e servizos da Deputación de Pontevedra ás empresas e conforme ás condicións que a continuación se detallan:



## LOTE 1.- SERVIZOS CENTRAIS

LIMPIEZAS CIES SL (NIF B36631935)

1.- Prezo ofertado a tanto alzado para a prestación do servizo de limpeza (para 2 anos de contrato):

|                                                                      |                |
|----------------------------------------------------------------------|----------------|
| Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)      | 1.265.928,00 € |
| IVE (21%)                                                            | 265.844,88 €   |
| Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (IVE engadido) | 1.531.772,88 € |

2.- Ferramenta informática de xestión:

| Ferramenta informática                                                                                                                                                                                               | SÍ | NON |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-----|
| A empresa licitadora oferta unha ferramenta informática de xestión coas características indicadas na cláusula 5.-. Xestión de incidencias, sistema de control e seguimento da execución do contrato do prego técnico | X  |     |

3.- Prezo/hora ofertado para a prestación de posibles servizos extraordinarios:

|                        |         |
|------------------------|---------|
| Importe sen o IVE      | 12,00 € |
| IVE (21%)              | 2,52 €  |
| Importe total ofertado | 14,52 € |

4.- Subministración, instalación e mantemento de bacteriostáticos:

| Bacteriostáticos                                                                                                                                                                                                                                                                                   | SI | NON |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-----|
| A empresa licitadora oferta a realización da totalidade dos traballos necesarios para a instalación, cambio, recarga e mantemento de bacteriostáticos nos centros, sedes e edificios da Deputación de Pontevedra coas características indicadas na cláusula 3.- Medios materiais do prego técnico. | X  |     |

5.- Acreditación dun sistema de control medioambiental ou equivalente vinculado co obxecto do contrato (UNE-EN-ISO 14001):

| Criterio | SI | NON |
|----------|----|-----|
|----------|----|-----|



|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |   |  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|--|
| A empresa oferta a acreditación dun sistema medioambiental ou equivalente vinculado co obxecto do contrato.<br>Poderá acreditarse co certificado UNE-EN-ISO 14001, con aqueles certificados que sexan equivalentes ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato. | X |  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---|--|

## LOTE 2.- SERVIZO DE TURISMO RÍAS BAIXAS

SENIOR, SERVICIOS INTEGRALES, S.A. (NIF A87045407)

1.- Prezo ofertado a tanto alzado para a prestación do servizo de limpeza (para 2 anos de contrato):

|                                                                      |              |
|----------------------------------------------------------------------|--------------|
| Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (sen IVE)      | 232.465,00 € |
| IVE (21%)                                                            | 48.817,65 €  |
| Prezo ofertado a tanto alzado para 2 anos de contrato (IVE engadido) | 281.282,65 € |

2.- Ferramenta informática de xestión:

|                                                                                                                                                                                                                       |    |     |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-----|
| Ferramenta informática                                                                                                                                                                                                | SI | NON |
| A empresa licitadora oferta unha ferramenta informática de xestión coas características indicadas na cláusula. 5.- Xestión de incidencias, sistema de control e seguimento da execución do contrato do prego técnico. | X  |     |

3.-Prezo/hora ofertado para a prestación de posibles servizos extraordinarios:

|                        |         |
|------------------------|---------|
| Importe sen o IVE      | 9,26 €  |
| IVE (21%)              | 1,94 €  |
| Importe total ofertado | 11,20 € |

4.- Subministración, instalación e mantemento de bacteriostáticos:

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                    |    |     |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-----|
| Bacteriostáticos                                                                                                                                                                                                                                                                                   | SI | NON |
| A empresa licitadora oferta a realización da totalidade dos traballos necesarios para a instalación, cambio, recarga e mantemento de bacteriostáticos nos centros, sedes e edificios da Deputación de Pontevedra coas características indicadas na cláusula 3.- Medios materiais do prego técnico. | X  |     |



5.- Acreditación dun sistema de control medioambiental ou equivalente vinculado co obxecto do contrato (UNE-EN-ISO 14001):

| Criterio                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | SI | NON |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|-----|
| A empresa oferta a acreditación dun sistema medioambiental ou equivalente vinculado co obxecto do contrato.<br>Poderá acreditarse co certificado UNE-EN-ISO 14001, con aqueles certificados que sexan equivalentes ou calquera outra acreditación que demostre que a empresa cumprirá cos requisitos da etiqueta esixida na execución do contrato. | X  |     |

**LOTE 3.- MUSEO DE PONTEVEDRA**

LIMPIEZAS CIES SL (NIF B36631935)

1.- Prezo ofertado a tanto alzado para a prestación do servizo de limpeza (para 2 anos de contrato):

|                                                                      |              |
| C1                               | 20           | ADMINISTRATIVO/A<br>ADMINISTRACIÓN XERAL | 1          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |

APARTADO 2º: Persoal directivo



| NÚMERO | DENOMINACIÓN | GRUPO |
|--------|--------------|-------|
| 1      | XERENTE      | A2    |

| APARTADO 3º: Persoal laboral fixo |       |        |       |
|-----------------------------------|-------|--------|-------|
| CATEGORÍA/DENOMINACIÓN            | GRUPO | NÚMERO | TOTAL |
| PERSOAL OPERATIVO                 |       |        | 90    |
| GRUPO I: MANDOS                   |       |        | 25    |
| XEFE DE PARQUE                    | c1    | 5      |       |
| XEFE DE QUENDA- CONDUTOR          | c2    | 20     |       |
| GRUPO II                          |       |        | 65    |
| BOMBEIRO-CONDUTOR                 | c2    | 65     |       |

Dos que son de nova creación no exercicio 2025 os seguintes:

| PERSOAL LABORAL FIXO DE NOVO INGRESO |        |       |
|--------------------------------------|--------|-------|
| CATEGORÍA/DE-NOMINACIÓN              | NÚMERO | TOTAL |
| PERSOAL OPERATIVO                    |        | 17    |
| GRUPO I: MANDOS                      |        | 2     |
| XEFE DE PARQUE                       | 2      |       |
| GRUPO II                             |        | 15    |
| BOMBEIRO-CONDUTOR                    | 15     |       |

| APARTADO 4º: Persoal laboral temporal                                                                             |        |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| PERSOAL OPERATIVO                                                                                                 |        |
| PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET |        |
| DENOMINACIÓN                                                                                                      | NÚMERO |
| XEFE DE PARQUE                                                                                                    | 0      |
| XEFE DE QUENDA-CONDUTOR                                                                                           | 0      |
| BOMBEIRO-CONDUTOR                                                                                                 | 1      |

3º.- Dar traslado do expediente, en canto ente de adscrición, á Deputación Provincial de Pontevedra para a resolución das devanditas alegacións e aprobación definitiva do Cadro de Persoal do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra



Incendios e Salvamento 2025, en cumprimento do artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público."

Visto o acordo do Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra incendios e salvamento, en sesión extraordinaria e urxente de data 13/06/2025, e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar as alegacións presentadas por D. Juan Jesús Mariño Mariño, con data de rexistro de entrada 03/04/2025, n.º 2025-E-RE-91, e por Dª. Diana Piñeiro García, con data de rexistro de entrada 10/04/2025, n.º 2025-E-RE-103, ao expediente de modificación do Cadro de Persoal Laboral Fixo do exercicio 2025, aprobado inicialmente polo Pleno do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, en sesión de data 26 de febreiro de 2025, e polo Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, como ente de adscrición, en sesión de data 28 de marzo de 2025; ao versar sobre criterios de planificación, organización e ordenación de persoal, que constitúen materia propia da Relación de Postos de Traballo e incluso de convenio colectivo non do cadro de persoal e non responde a ningún dos supostos de reclamación dos contemplados no artigo 170.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que regula este procedemento.

2º.- Aprobar con carácter definitivo a modificación do Cadro de Persoal Laboral Fixo do exercicio 2025 do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento, coa transformación de 2 dos postos de bombeiro-condutor dos creados en 2 dos postos de xefes de parque, quedando o Cadro de Persoal Laboral Fixo para o exercicio 2025, coas clasificacións profesionais establecidas no I Convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento:

| APARTADO 3º: Persoal laboral fixo |       |        |       |
|-----------------------------------|-------|--------|-------|
| CATEGORÍA/DENOMINACIÓN            | GRUPO | NÚMERO | TOTAL |



|                         |    |    |    |
|-------------------------|----|----|----|
| PERSOAL OPERATIVO       |    |    | 90 |
| GRUPO I: MANDOS         |    |    | 25 |
| XEFE DE PARQUE          | c1 | 5  |    |
| XEFE DE QUENDA-CONDUTOR | c2 | 20 |    |
| GRUPO II                |    |    | 65 |
| BOMBEIRO-CONDUTOR       | c2 | 65 |    |

E o Cadro de Persoal para o ano 2025 coas clasificacións profesionais establecidas no I Convenio colectivo para o persoal laboral operativo dos parques de bombeiros dependentes do Consorcio Provincial de Pontevedra para a prestación do servizo contra incendios e salvamento e o grupo de asimilación funcionario:

| APARTADO 1º: Persoal funcionario |              |                                         |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|----------------------------------|--------------|-----------------------------------------|------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| PERSOAL ADMINISTRATIVO           |              |                                         |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| GRUPO                            | NIVEL/<br>CD | DENOMINACIÓN                            | NÚME<br>RO | OBSERVACIÓNS                                                                                                                                                                                                                                                                                                                 |
|                                  |              | ESCALA HABILITACIÓN<br>CARÁCTER ESTATAL |            | Exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter nacional, a través do persoal funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención, clase terceira, grupo A, subgrupo A1 adscrito ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra |
|                                  |              | SUBESCALA SECRETARÍA-<br>INTERVENCIÓN   |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| A1                               |              | SECRETARIO/A-<br>INTERVENTOR/A          | 1          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|                                  |              | ESCALA ADMINISTRACIÓN<br>ESPECIAL       |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|                                  |              | SUBESCALA TÉCNICA.<br>CLASE SUPERIOR    |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| A1                               | 26           | TÉCNICO/A RELACIÓNS<br>LABORAIS         | 1          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|                                  |              | ESCALA ADMINISTRACIÓN<br>XERAL          |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|                                  |              | SUBESCALA<br>ADMINISTRATIVA             |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
| C1                               | 20           | ADMINISTRATIVO/A                        | 1          |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |



|  |  |                      |  |  |
|--|--|----------------------|--|--|
|  |  | ADMINISTRACIÓN XERAL |  |  |
|--|--|----------------------|--|--|

|                                |              |       |
|--------------------------------|--------------|-------|
| APARTADO 2º: Persoal directivo |              |       |
| NÚMERO                         | DENOMINACIÓN | GRUPO |
| 1                              | XERENTE      | A2    |

|                                   |       |        |       |
|-----------------------------------|-------|--------|-------|
| APARTADO 3º: Persoal laboral fixo |       |        |       |
| CATEGORÍA/DENOMINACIÓN            | GRUPO | NÚMERO | TOTAL |
| PERSOAL OPERATIVO                 |       |        | 90    |
| GRUPO I: MANDOS                   |       |        | 25    |
| XEFE DE PARQUE                    | c1    | 5      |       |
| XEFE DE QUENDA- CONDUTOR          | c2    | 20     |       |
| GRUPO II                          |       |        | 65    |
| BOMBEIRO-CONDUTOR                 | c2    | 65     |       |

Dos que son de nova creación no exercicio 2025 os seguintes:

|                                      |        |       |
|--------------------------------------|--------|-------|
| PERSOAL LABORAL FIXO DE NOVO INGRESO |        |       |
| CATEGORÍA/DENOMINACIÓN               | NÚMERO | TOTAL |
| PERSOAL OPERATIVO                    |        | 17    |
| GRUPO I: MANDOS                      |        | 2     |
| XEFE DE PARQUE                       | 2      |       |
| GRUPO II                             |        | 15    |
| BOMBEIRO-CONDUTOR                    | 15     |       |

|                                                                                                                   |        |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------|
| APARTADO 4º: Persoal laboral temporal                                                                             |        |
| PERSOAL OPERATIVO                                                                                                 |        |
| PERSOAL LABORAL TEMPORAL POR SUBSTITUCIÓN DERIVADO DA SUBROGACIÓN POLA SUCESIÓN DE EMPRESAS DO ARTIGO 44 DO TRLET |        |
| DENOMINACIÓN                                                                                                      | NÚMERO |
| XEFE DE PARQUE                                                                                                    | 0      |
| XEFE DE QUENDA- CONDUTOR                                                                                          | 0      |



|                   |   |
|-------------------|---|
| BOMBEIRO-CONDUTOR | 1 |
|-------------------|---|

3º.- De conformidade co disposto no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1896, do 18 e abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, publicar a devandita modificación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

6.8435.- **APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO CONSTRUTIVO DE MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-2202 BAIONA-LOUREZA, DENDE O PQ 17+350 AO PQ 17+520 (CONCELLO DE OIA) E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN (EXPTE. 2024081631)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/MjYnQfPyKpBTctxCFEqJEDyUxAC6w7HVJR5wma7MRUBP12L4>

Antecedentes.

#### 1. Convenio

En data 11 de decembro de 2024 asinouse un convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Oia para a execución das obras de “Mellora da mobilidade peonil na EP-2202 Baiona-Loureza, dende o p.q. 17+350 ata p.q. 14+520”.

De conformidade co convenio formalizado, correspóndelle á Deputación tramitar e xestionar o expediente de expropiación e o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados financiarase integramente polo Concello de Oia.

#### 2. Aprobación inicial do proxecto e do expediente expropiatorio.

O Pleno da Deputación na sesión de 11 de decembro de 2024 acordou:

- Aprobar inicialmente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na EP-2202 Baiona-Loureza, dende o p.q. 17+350 ata p.q. 14+520 (Concello de Oia)”.
- Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose



definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

- Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.
- Expoñer ao público a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.
- Notificar individualmente ás persoas propietarias/titulares catastrais das parcelas obxecto de expropiación.

### 3. Información pública.

Publicáronse anuncios no Taboleiro de Edictos do Concello de Oia (dende o 28 de abril ao 26 de maio de 2025), no BOPPO (20 de marzo de 2025), no BOE (20 de marzo de 2025), na Sede Electrónica da Deputación (do 23 de marzo ao 27 de abril de 2025) e no xornal La Voz de Galicia o día 19 de marzo de 2025.

Os prazos de presentación de reclamacións fronte á aprobación do expediente de expropiación e do proxecto (15 e 20 días, respectivamente, contados dende a data da derradeira publicación) remataron o 26 de maio de 2025.

Ademais, notificáronse individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos bens e dereitos obxecto de expropiación.

### 4. Alegacións presentadas.

Presentáronse as seguintes alegacións durante o prazo establecido:

| Data       | Núm. Rexistro | Interesado              |
|------------|---------------|-------------------------|
| 24/03/2025 | WEB2025021187 | Joaquín Miranda Treinta |

### **Consideracións legais e técnicas.**

#### 1ª.- Lexislación aplicable.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen Disposicións mínimas de Seguridade e de Saúde nas obras de construción.

## 2ª.- Alegacións

En data 13 de xuño de 2025, César Aja Chao, enxeñeiro de camiños e director de Infraestruturas da Deputación de Pontevedra, emite o seguinte informe:

“En data 24 de marzo de 2025, D. Vicente Vázquez Vigo, en representación de D. Joaquín Miranda Treinta, presenta no Rexistro da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro WEB2025021187) un escrito de alegacións no que alega “que sobre a finca da súa propiedade, que figura catastrada coa referencia 36036A02700444, se localiza unha fosa séptica, que dá servizo para a casa nº11 da Estrada Torroña a Burgueira, a cal se atopa ao outro lado da rúa. Dita fosa figura pegada ao muro de bloque pola parte interior, polo que se se leva a cabo a expropiación prevista, dita fosa quedaría inutilizada” e solicita “independentemente da indemnización por dita expropiación, se lle constrúa unha nova fosa séptica noutro lugar da finca ou ben, se lle indemnice para que leve a cabo a construción doutra nova. Dado que a finca ten a súa entrada de servizo pola rúa, solicita así mesmo, que no muro de peche que se vaia construír, se lle deixe nun ancho de aproximadamente 2,5 metros lineais, sen pechar, para que poida a posteriori, colocar un portal para o paso de maquinaria agrícola, tal e como se vén usando a día de hoxe”.

En resposta a esta solicitude, infórmase que a Deputación non ten constancia da existencia dunha construción soterrada nos terreos obxecto de expropiación. En caso de acreditarse a súa existencia e que a mesma sexa incompatible coa realización da actuación proxectada, procederá a súa valoración para realizar a correspondente indemnización en posteriores



fases do procedemento expropiatorio, en concreto no acto de levantamento de actas previas á ocupación.

Aqueles servizos existentes que sexan compatibles coa execución do proxecto e non estean reflectidos no mesmo serán mantidos, realizándose os traballos necesarios para o seu mantemento ou a súa reposición en caso de seren afectados pola execución das obras.

No tocante ao acceso, será de aplicación a Orde de 23 de maio de 2019 pola que se regulan os accesos en estradas de Galicia e nas súas vías de servizo.

Por todo o exposto, desestímase a alegación.”

### 3ª Aprobación definitiva do proxecto.

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 13 de agosto de 2024. A Intervención Xeral informou favorablemente a proposta de aprobación do proxecto o 29 de agosto de 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da LEF entenderanse co Ministerio Fiscal as dilixencias correspondentes ás parcelas cuxos titulares non recolleron as notificacións individuais e non compareceron.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar definitivamente o proxecto construtivo de “Mellora da mobilidade peonil na EP-2202 Baiona-Loureza, dende o p.q. 17+350 ata p.q. 14+520 (Concello de Oia)” cun orzamento de 165.465,71 € e 1.316,75 € en concepto de expropiacións.

**Segundo.-** Desestimar a alegación presentada por D. Vicente Vázquez Vigo, xa que a alegación versa sobre as posibles reposicións de bens e servizos afectados, as cales a Deputación repoñerá no caso de que resultasen afectados pola execución das obras, definindo os mesmos na fase de levantamento das actas previas á ocupación.

**Terceiro.-** Aprobar definitivamente o expediente de expropiación, declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos conforme á relación que se detalla no Anexo I entendéndose as dilixencias co



Ministerio Fiscal en representación das persoas titulares das parcelas que non recolleron as notificacións individuais e non compareceron no procedemento.

**Anexo I.-** Relación de bens e dereitos afectados pola expropiación.

| PAR<br>C.<br>NÚ<br>M. | REF.<br>CATASTRAL | SUPERFICIE<br>EXPROPIACIÓN<br>(m <sup>2</sup> ) | BENS AFECTADOS                                                             |
|-----------------------|-------------------|-------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------|
| 1                     | 36036A02700447    | 3,00                                            | 2,00 m <sup>2</sup> de muro de bloque e parte proporcional de cimentación. |
|                       |                   |                                                 | 3,70 m de malla anudada de arame (1,50 m).                                 |
| 2                     | 36036A02700445    | 3,00                                            | 2,70 m <sup>2</sup> de muro de bloque e parte proporcional de cimentación. |
|                       |                   |                                                 | 4,50 m de malla anudada de arame (1,50 m).                                 |
| 3                     | 36036A02700446    | 4,00                                            | 3,60 m <sup>2</sup> de muro de bloque e parte proporcional de cimentación. |
|                       |                   |                                                 | 6,00 m de malla anudada de arame (1,50 m).                                 |
| 4                     | 36036A02700444    | 9,00                                            | 5,30 m <sup>2</sup> de muro de bloque e parte proporcional de cimentación. |
|                       |                   |                                                 | 8,90 m de malla anudada de arame (1,50 m).                                 |

7.8436.- **APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA EP-0503 MANE-REBÓN, DO PQ 2+300 AO PQ 3+624 (CONCELLO DE MORAÑA)”. EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PROXECTO E DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN. DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DA OBRA. DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN E MOTIVACIÓN DA URXENCIA (EXPTES. 2025001734 - 2024073273)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/oTPTpSYq2vcAZa14pWvCNQsc9RTfYyeoULrC3KkPFpxvElSh>

Antecedentes.

1. En xaneiro de 2016 a Deputación de Pontevedra presenta o Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais, unha rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, que supón o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade ao amparo do establecido na Lei 7/85



e na Lei de Estradas de Galicia 8/2013. Esta rede provincial atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Cumprindo co Decálogo de Criterios, e coa finalidade de actuar en consonancia coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído e de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia, redactouse o Proxecto construtivo de obras de “Ensanche e mellora da seguridade viaria na EP-0503 Mané–Rebón, do PQ 2+300 ao PQ 3+624 (Concello de Moraña)”. O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Moraña, actuando de raíz no treito comprendido entre o PQ 2+300 e o PQ 3+624 da EP-0503 Mané–Rebón, co fin de mellorar a seguranza viaria dunha estrada que na actualidade conta cun ancho medio de 4,50 metros, curvas pechadas e perigosas e carece de beiravías ou sobreanchos destinados a mellorar a seguranza viaria tanto para os vehículos como para os peóns que queiran utilizar as beiravías da estrada para ir camiñando desde as súas residencias ata leiras ou vivendas próximas.

O orzamento das obras proxectadas ascende a un millón trescentos cincuenta e seis mil novecentos sesenta e nove euros con vinte céntimos (1.356.969,20 €).

Os prezos xustos polas expropiacións necesarias estímanse en dezaseis mil catrocentos catro euros con trinta céntimos (16.404,30 €).

2. O Concello de Moraña aprobou mediante acordo do Pleno de data 19 de novembro de 2024 un convenio de colaboración coa Deputación Provincial para a execución das obras o cal foi aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación en sesión de 20 de decembro de 2024.

De conformidade co convenio formalizado, o importe total dos prezos xustos polos bens e dereitos afectados pola obra finánciase integramente polo Concello de Moraña.

### **Consideracións legais e técnicas.**

1ª.- Lexislación aplicable.

– Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).



- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa (LEF), e o seu Regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957 (RLEF).
- RD Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRU), e o RD 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do Solo.
- Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen Disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

## 2ª.- Documentación.

Constan no expediente os seguintes documentos:

- Proxecto das obras con Código Seguro de Verificación (CSV) 1PDV9U778G6CF81Y redactado polo enxeñeiro José Plácido Gosende Tuñas.
- No anexo 13 do antedito proxecto sinálanse os terreos e bens que é necesario expropiar. A relación de parcelas e bens afectados figuran no Anexo I do presente Informe-Proposta.
- Informe, de 21/11/2024, de supervisión favorable do proxecto no que se fai constar que o proxecto cumpre coa normativa urbanística e ambiental e a necesidade de expropiación.
- Informe do director de Infraestruturas de 22/11/2024 respecto da declaración de urxencia de ocupación e motivación desta.
- Certificación catastral das parcelas obxecto de expropiación e nota simple negativa do Rexistro da Propiedade de Caldas de Reis de 24 de xaneiro de 2025, con entrada no rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra o



27 de xaneiro de 2025, no que se fai constar que examinados os índices dese Rexistro, resulta que coas referencias catastrais das parcelas obxecto de expropiación non aparecen inscritos bens nin dereitos de ningunha clase.

Segundo o artigo 3.2 da LEF, salvo proba en contrario, a Administración que expropie considerará propietario ou titular a quen conste con este carácter en rexistros públicos que produzan presunción de titularidade que só poida ser destruída xudicialmente ou, na súa falta, a quen apareza con tal carácter en rexistros fiscais ou, finalmente, ao que o sexa pública e notoriamente.

O artigo 17 da LEF esixe que a Administración formule unha relación concreta e individualizada na que se describan, en todos os aspectos, material e xurídico, os bens ou dereitos que considere de necesaria expropiación. Tras a exposición pública por medio do Boletín Oficial da Provincia e dos taboleiros do Concello, aprobaranse definitivamente a relación de propietarios e bens afectados, declarándose a necesidade de ocupación destes.

O acordo será publicado e notificado aos expropiados, iniciándose así o expediente de expropiación (artigo 20.2 do RLEF).

Nos casos de indeterminación ou descoñecemento dos titulares ou dos seus domicilios, a notificación deberá realizarse simultaneamente por Edictos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, en cuxo termo radiquen os bens (artigo 20.4 do mencionado Regulamento).

Unha vez realizado o Edicto de notificación no Boletín Oficial da Provincia, ante a falta de coñecemento do titular ou do domicilio deste e para que se lle poida notificar o expediente nas súas sucesivas actuacións, a LEF dispón que “se entenderán as dilixencias co Ministerio Fiscal cando, efectuada a publicación a que se refire o artigo 18, non compareceren no expediente os propietarios ou titulares “(artigo 5.1).

### 3ª.- Motivación da declaración da urxencia da ocupación.

O artigo 56.1 do RLEF establece que “1. O acordo polo que se declare a urxente ocupación de bens afectados por unha expropiación, deberá estar debidamente motivado, coa exposición das circunstancias que, de ser o caso, xustifican o excepcional procedemento previsto no artigo 52 da Lei e contendo referencia expresa aos bens aos que a ocupación afecta ou ao proxecto de obras no que se determina, así como ao resultado da información pública na que por imposición legal ou, no seu defecto, por prazo de quince días, se oíra aos afectados pola expropiación de que se trate”.

No expediente consta o informe emitido polo director de Infraestruturas de 22 de novembro de 2024 no que sinala que “Dende o punto de vista técnico, considérase axeitado iniciar o expediente expropiatorio pola vía da urxencia, xa que neste



momento o tramo de estrada no que se pretende realizar a actuación conta con moi pouca sección transversal e curvas moi sinuosas, o que dificulta o cruce de vehículos lixeiros e pesados, considerándose un perigo real para a seguridade viaria.

Para eliminar esta zona perigosa en canto a seguridade viaria, vese necesaria a ampliación da plataforma da estrada, véndonos obrigados a expropiar de forma urxente un total de 3.060,78 m<sup>2</sup> de terreo de propiedade privada, repartidos en corenta e tres parcelas nas que non se logrou unha cesión voluntaria dos terreos, co fin de poder conseguir unha maior seguridade viaria na zona de actuación”.

O artigo 56.1 do REG (efectos da aprobación definitiva dos proxectos) establece:

“1. A aprobación definitiva dos anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción implicará, para os efectos de expropiación, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes:

- a) A declaración de utilidade pública.
- b) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para a execución das obras, dos depósitos dos materiais sobrantes e dos préstamos necesarios para executalas, sempre que veñan previstos no seu proxecto.
- c) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para o trazado de planta do proxecto.
- d) A declaración da necesidade de ocupación dos bens e de adquisición dos dereitos necesarios para as modificacións do proxecto que, de ser o caso, se puideren aprobar posteriormente.
- e) A declaración da urxencia da ocupación.

2. Para os efectos do previsto no número anterior, será imprescindible que o anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente inclúa, entre os documentos que o compoñen, a relación concreta e individualizada na cal se describan, en todos os aspectos materiais e xurídicos, os terreos, bens, servidumes e demais dereitos reais que se considere necesario ocupar para a execución da obra ou para a reposición dos servizos afectados pola súa execución, coa identificación das súas persoas titulares, así como a representación gráfica da delimitación das ocupacións necesarias, e que se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa.

3. Logo de aprobados definitivamente os anteprojectos, proxectos de trazado ou proxectos de construción, as limitacións á propiedade e á titularidade doutros dereitos establecidos na lexislación de estradas de Galicia e neste regulamento serán efectivas respecto dos terreos que afecten a actuación correspondente (artigo 22.6 LEG)”.

#### 4ª.- Información pública – Prazo de exposición pública.

O artigo 93 do TRRL dispón: “A aprobación dos proxectos de obras locais axustarase ao procedemento legalmente establecido. En todo caso, as provinciais, unha vez tomados en consideración os proxectos pola Deputación Provincial, serán sometidos a información pública con carácter previo á súa resolución definitiva”.



A regulación dos estudos e proxectos para construír novas estradas ou modificar as existentes e o procedemento para a súa aprobación contense nos artigos 15 a 22 –ambos incluídos– da LEG e 44 a 57 do RXEG.

Con respecto á información pública regúlanse os supostos de información pública preceptiva no artigo 21.1 da LEG e 49.1 e 2 do RXEG. Son preceptivos- información pública e informe das administracións afectadas- nos seguintes supostos establecidos no artigo 49.1 e 2 do RXEG:

- “a) Construción de novas estradas ou treitos delas que non se previsen no planeamento urbanístico municipal.
- b) Modificacións substanciais de estradas existentes que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que existe afección significativa nos seguintes supostos:
  - 1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.
  - 2º. No caso de treitos non urbanos de estradas que atravesen solo non clasificado como rústico polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e a liña límite de edificación. (Artigo 21.1 LEG)”.
- “2. Tamén serán sometidos aos trámites de información pública en materia de estradas e de informe das administracións afectadas aqueles estudos ou proxectos de:
  - a) Actuacións que deban ser sometidas a avaliación ambiental, segundo a lexislación básica e autonómica sobre a materia.
  - b) Actuacións que requiran un estudo de viabilidade, por estar prevista a súa execución e explotación en réxime de concesión de obra pública, segundo o esixido na lexislación de contratos do sector público.
  - c) Actuacións en municipios que carezan de planeamento urbanístico municipal, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e en terreos que teñan a consideración de urbanos, segundo os criterios previstos na lexislación urbanística”.

No artigo 49.3 do RXEG establécese que no resto de estudos e proxectos, a decisión de sometemento aos trámites de información pública e de informe das administracións afectadas será potestativa da administración promotora da actuación.

Finalmente, no 49.4 do RXEG establécese que: “Para os efectos deste artigo, en ningún caso terán a consideración de novas estradas as duplicacións de calzada, os acondicionamentos de trazado, os ensanches da plataforma, as melloras de firme e, en xeral, todas aquelas outras actuacións que non impliquen un cambio da súa clasificación ou que non supoñan unha modificación substancial na funcionalidade dunha estrada preexistente.”



Segundo a normativa reguladora das estradas de Galicia, atendendo ao exposto na memoria do proxecto e ao informe de supervisión, non estamos ante un suposto de necesidade de sometemento a información pública e informe das administracións afectadas para os efectos de tramitación da aprobación do proxecto. Non obstante a esixencia de que á aprobación definitiva do proxecto se tivesen realizado os trámites esixidos pola lexislación en materia de expropiación forzosa obriga á exposición pública por un período de quince días (art. 17 e 56.1 do RLEF) da relación dos bens e dereitos, para que as persoas interesadas poidan formular alegacións sobre a procedencia da ocupación ou disposición dos bens e sobre o seu estado material ou legal. Esta consideración, unida á previsión do artigo 93 do TRRL tal e como se sinalou en informe de Secretaría de 12.02.2021, lévanos a concluír que a exposición pública ha de ter lugar podendo ser, simultánea á exposición do proxecto e á da relación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa.

Con respecto do prazo de exposición do proxecto se temos en conta o establecido no derradeiro parágrafo do artigo 83.2 da LPAC non podería ser inferior a vinte días.

#### 5ª Aprobación do proxecto.

Con respecto da Administración competente para a aprobación do proxecto segundo as circunstancias concorrentes neste expediente, considérase que do xogo combinado dos artigos 16 e 22.3 e 4 da LEG, así como dos artigos 55.3, 4 e 5, do REG, dedúcese, a salvo criterio mellor fundado, que a aprobación definitiva dos proxectos de obras promovidos polas Entidades Locais corresponderíalle á Xunta de Galicia:

- Cando precisen de exposición pública segundo o artigo 21.1 e no trámite algunha Administración expresase de maneira motivada a súa falta de conformidade co trazado proposto.
- Cando simultaneamente precisen de información pública segundo o art. 21.1 da Lei; e non se encontren incluídos nalgún dos instrumentos que sinala o artigo 22.4 (o Plan director de estradas de Galicia, o plan sectorial de estradas da administración promotora, nin no planeamento urbanístico municipal).

De tal forma que, de non precisar de información pública, a aprobación definitiva lle correspondería á propia Entidade local, sendo así mesmo a



competente cando procedendo tal información non se presentase desconformidade co trazado por ningunha Administración e a actuación estea prevista nalgún dos instrumentos anteriores.

Na Deputación a competencia para a aprobación do proxecto (inicial e definitiva), coas declaracións implícitas que supón a efectos da expropiación, estímase reside no Pleno de conformidade co art. 3.4 do RLEF. Non se encontrou precepto que implique acordo con maioría cualificada (art. 47 Lei 7/1985).

Conforme á memoria do proxecto non estamos ante a construción dunha estrada nova ou treito dela non previsto no planeamento urbanístico municipal, nin ante unha modificación substancial de estrada existente que afecten de xeito significativo o planeamento urbanístico municipal, entendendo que, segundo a LEG, considérase que existe afección significativa nos seguintes supostos:

“1º. No caso de treitos urbanos, cando as obras se executen fóra dos terreos de dominio público viario e dos comprendidos entre este e as aliñacións oficiais marcadas no correspondente instrumento de planeamento urbanístico.”

O Pleno, con quórum de maioría simple, é o órgano competente para a aprobación inicial e definitiva do proxecto coas declaracións implícitas que supón para os efectos de expropiación.

Non é preceptivo o informe de Secretaría, tal e como se sinala no seu informe de data 13/08/2024. É preceptivo o informe do Servizo de Intervención, o cal foi emitido favorablemente en data 17 de xuño de 2025.

Polo indicado, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobado inicialmente o proxecto construtivo de “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na EP-0503 Mané-Rebón, do PQ 2+300 ao PQ 3+624 (Concello de Moraña)*” cun orzamento de 1.356.969,20 € e 16.404,30 € en concepto de expropiacións.

**Segundo.-** Expoñer ao público o proxecto construtivo por medio de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación, para os



efectos de reclamacións polo prazo de vinte días hábiles, entendéndose definitivamente aprobado de non producirse estas coa implícita declaración de utilidade pública da obra e da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta.

**Terceiro.-** Aprobar a relación de bens e dereitos afectados pola expropiación e a tramitación do procedemento de expropiación.

